

modelo de formulario de desistimento

(só debe cumprimentar e enviar o presente formulario se desexa desistir do contrato)

Á atención de **R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S.A.U.**, con CIF A15474281 e domicilio na rúa Real n.º 85, da Coruña: só debe cubrir e enviar o presente formulario se desexa desistir do contrato:

D./Dña. _____, maior de idade, con DNI n.º _____ (do cal se achega copia) e domicilio en _____, n.º ____, piso ____, do municipio de _____, pola presente poño no seu coñecemento que desisto do meu contrato/pedido recibido en data _____.

Recorde que se quere facilitarnos algún outro dato adicional, pode facelo no seguinte espazo:

Firma do cliente (só se o presente formulario se presenta en papel)

Data

Información sobre o exercicio do dereito de desistimento

Dereito de desistimento:

Se a contratación se realizou a distancia (telefonicamente ou vía web), ten vostede dereito a desistir do presente contrato nun prazo de 14 días naturais sen necesidade de xustificación ningunha. O prazo de desistencia expirará aos 14 días naturais dende a instalación no caso do servizo fixo, ou no caso do servizo móbil, dende a entrega do terminal telefónico ou dende a activación da liña (o evento máis tardío). Se se lle entregaron equipos de telecomunicacións, deberá devolvelos a **R** no prazo de dez (10) días naturais dende a data en que comunique a **R** a súa decisión de desistir do contrato. Vostede pode devolvelos os bens e/ou equipos entregados ou instalados a través das seguintes modalidades:

- a) entrega en calquera “tenda **R**” ou Distribuidor Autorizado de **R** sen ningunha demora indebida e, en calquera caso, como moito no prazo de 14 días naturais a partir da data en que nos comunique a súa decisión de desistimento do contrato. Considerarase cum prido o prazo se efectúa a devolución dos bens antes de que conclúise o devandito prazo.
- b) remisión dos mesmos por correo, ao apartado de correos 2096, 15080, da Coruña, en cuxo caso, deberá asumir vostede o custo directo de devolución dos bens.

Para exercer o dereito de desistimento, deberá enviarnos vostede unha notificación, indicando o seu nome, dirección completa de servizo, número de teléfono e enderezo de correo electrónico, e a súa decisión de desistir do contrato a través dunha declaración inequívoca (por exemplo, unha carta enviada por correo postal, fax ou correo electrónico). Poderá utilizar o modelo de formulario de desistimento. Recordámoslle que o uso deste formulario non é obrigatorio.

Así mesmo, ten vostede a opción de cubrir e enviar electronicamente o modelo de formulario de desistimento ou calquera outra declaración inequívoca a través do noso sitio web www.mundo-R.com/legal, remitiéndoo ao enderezo de correo electrónico fala-con-R@mundo-R.net. Se recorre a esa opción, comunicáremoslle sen demora nun soporte duradeiro a recepción do devandito desistimento.

Para cumprir o prazo de desistimento, abonda con que a comunicación relativa ao exercicio pola súa parte deste dereito sexa enviada antes de que venza o prazo correspondente.

En caso de desistimento pola súa banda, e se comezou a prestación do servizo, deberá abonar a **R** os servizos desfrutados.